

## CONCIENCIA COLECTIVA

**Alberto García, presidenta da AGPXC desde o ano 2015 ata o ano 2019**

A AGPXC naceu nunha xuntanza no antigo IGAEM organizada por Xavier Campos. Sempre poderei datar con facilidade aquela reunión porque levei conmigo a un bebé de ano e medio que hoxe ten xa dezasete. En todos estes anos a asociación cumpreu un papel fundamental: o de artellar un colectivo importante dentro do sistema cultural galego, o das persoas que nos adicamos á xestión cultural.

Participei deste colectivo desde o inicio e cando me tocou asumir a presidencia (2015-2019) insistín nesta que para min é a principal función da entidade, darlle corpo a un sector ata daquela pouco tido en conta. Xa había sectores da cultura que si estaban autoorganizados e xa acadaran un nivel digno de representación e interlocución. Había asociacións de actores e actrices, de compañías de teatro, de músicas, de libreiros, editorias e moitas outras, mais durante anos non houbo unha asociación de profesionais da xestión cultural. Contábamos co precedente de “LandRover” pero a profesión evolucionaba rapidamente achegando sobre todo a moitas persoas e cada vez máis empresas desde a parte privada e notamos a necesidade de acadar forma de colectivo, de entendernos en conxunto como un axente máis do sistema, importante como os outros e que estivera ata aquel momento pouco representado.

Na etapa na AGPXC que me tocou dirixir, insistimos sobre todo nisto, no artellamento, na forma, no corpo da asociación. En coller conciencia colectiva, en visibilizarnos e darnos valor. E comezamos polo principio, facendo as que chamamos “Quedadas” en diferentes lugares do país, chamando de forma itinerante ás compañeiras para explicarlles en persoa o noso proxecto. O primeiro lugar onde quedamos foi en Carral xa que unha persoa clave nese intre foi Carlos Lorenzo, actual presidente e figura imprescindible na directiva daquela época.

Outro fito da nosa etapa foi poñernos en valor, xuntarnos ao fío do “banco de boas prácticas da xestión cultural galega” que se cociñara na etapa anterior, grazas a Julio Gómez e Sergio Lago entre outras persoas. A valoración e visibilización daqueles 100 proxectos entre os que podían estar o Fiot, Ortigueira, Cans, Cineuropa ou Fálame de San Sadurniño, fíxonos coller conciencia de que en Galiza había unha altísima calidade en xestión cultural e que as persoas que organizaban aqueles eventos e procesos, todas xuntas, eran un axente cultural imprescindible .

Tamén fixemos interlocución política con institucións por suposto, formación propia e colaboración co campus de Lugo no incipiente grao en xestión cultural. Persequimos os obxectivos estatutarios de definición do perfil profesional, interlocución e defensa dos nosos intereses, reunímonos con administracións, universidades, sindicatos e outros axentes, mais se tivera que destacar algo do moito que fixemos, sería algo tan básico e importante como apuntalar a nosa conciencia como colectivo. Un colectivo heterodoxo, aberto e en constante cambio si, mais un colectivo, cunhas condicións determinadas de traballo e vida, con dereitos, características e reivindicacións que quixemos abordar comunitariamente, colectivamente, no convencemento de que este é o camiño máis seguro e satisfactorio para chegar a normalizar a nosa profesión.